

Actividades Pedagogía Terapéutica

Curso 2015-2016



Algunhas das actividades feitas o longo do curso

- ◉ Ademais das actividades enmarcadas nos programas académicos ordinarios , tendo en conta as adaptación do currículo precisas en función das características individuais de cada alumno. Cos alumnos/as **con ACI** ,en moitas ocasións é apropiado partir dos seus intereses e de tarefas con un certo carácter lúdico. Actividades que lles van resultar motivadoras e polo tanto logo, lles van a servir de ponte para adquirir con maior facilidade coñecementos mais arduos ou dificultoso.

“ Unha educación para todos”



- ◉ Así a continuación preséntanse algunhas destas tarefas.

Actividade de presentación e consolidación de grupo

- A comezos de curso os alumnos/as de 1º e 2º de ESO respectivamente realizaron unha actividade de presentación e consolidación de grupo . Coa finalidade de que se coñecesen mellor entre eles , tomasen conciencia da necesidade de prestarse axuda os uns os outros e traballasen de xeito colaborativo.




Actividade de presentación e consolidación de grupo

- Esta pequena tarefa ten por nome: “ **A árbore que deixa pegada**”

A pesares de que poida parecer unha actividade mais relacionada coa plástica. Resulta de moita utilidade para que os alumnos/as adquiran valores esenciais para que se dea unha boa convivencia na aula e aprendan a traballar de xeito cooperativo.

Con esta actividade ademais de xeito transversal traballáronse aspectos como :**Expresión oral, pensamento crítico, pensamento simbólico, respecto de quedas de palabra e a capacidade de diálogo.**



Dita tarefa desenvolveuse en dous pasos:

1. Un primeiro paso no que os alumnos/as puideron desenvolver a súa creatividade decorando as árbores coas súas pegadas, empregando pintura de dedos.
2. E unha segunda parte, para min a mais importante. Na que unha vez colocadas as árbores nun lugar ben visible da clase. Nos colocamos en círculo e reflexionamos sobre preguntas como: ¿ Que implica deixar a nosa pegada como alumnos, docentes e compañeiros?, ¿ Para que pensan que serviu a actividade?, ¿ Que simboliza a árbore e as súas pegadas dentro da mesma?....



A Biblioteca de aula

Dende o presente curso escolar, ao contar cun emprazamento fixo para desempeñar as actividades de pedagogía terapéutica. Temos nesta mesma aula unha pequena biblioteca.

A cal empregamos para o desenrolo de múltiples actividades que axudan os rapaces de ACI a traballar aspectos como: comprensión lectora, fluidez, entoación, comprensión e expresión escrita, vocabulario, uso de xornais e comentario de noticias, capacidade de resumo...


A biblioteca conta con literatura xuvenil tanto en galego como en castelán .Ademais de cómics, xornais e unha zona con varios dicionarios de ambas linguas.



A Biblioteca de aula

O funcionamento desta biblioteca na propia aula tamén é útil para **aprender a cumprir normas e a adquirir habilidades de auto-organización**. Xa que cada alumno/a conta coa súa propia tarxeta persoal que ten que colocar no lugar de onde colleu o libro e anotar os datos do mesmo nun cadro de rexistro que borrará unha vez devolve o exemplar. Seguindo como é lóxico unha serie de normas en canto o coidado do libro que leva para a casa.

Así cada alumno/a de xeito mensual ten que levar un libro e cubrir unha ficha sobre o mesmo na que aparecerá: **título, Autor, editorial/colección, protagonistas principais e secundarios e descrición dun deles, resumo da lectura e opinión persoal**.



A Biblioteca de aula

Ademais semanalmente tamén dedicamos parte dalgunha das sesións a **lectura** tanto de xeito silencioso como en voz alta e mesmo facemos pequenas representacións de textos lidos. É **unha hora semanal o comentario de noticias** que realizan por parellas : sinalando as partes dunha noticia, resumo da noticia coas súas palabras e opinión persoal sobre a mesma. Información que logo cada parella pon en común co resto da clase.



“Concurso de búqueda no dicionario”




Por último en canto a utilidade dos dicionarios que temos na biblioteca. Sinalar que ademais de empregalos para resolver exercicios da clase. Tamén levamos a cabo un concurso de busca de palabras.



A través do cal por parellas, rotando semanalmente as mesmas, buscan palabras dadas, elaboran unha frase co seu significado e sinalan a categoría gramatical de cada palabra, entre outras tarefas.

“Concurso de búsqueda no dicionario”

Traballando deste xeito aspectos como: a adquisición de vocabulario, a coherencia na escrita, as clases de palabras, presentación e coidado da caligrafía ... O alumno/a que mais veces quedase primeiro en tres semanas ten dereito a unha recompensa a modo de incentivo para que se esforcen e tenten facelo ben. Sendo esta unha actividade que lles resulta bastante atractiva.



Actividades de Nadal e Entroido



1. Mandalas

Con motivo da celebración do Nadal unha das sesións da última semana do primeiro trimestre dedicámola a pintar mandalas relacionados co Nadal. Tendo en conta que esta actividade resulta moi útil para traballar aspectos como:

- A creatividade
- A mellora da autoestima
- Os procesos psicolóxicos básicos: Memoria, atención e concentración.

Ademais, como non, de contribuír a decorar a aula en datas tan sinaladas.

2. Postais de Nadal como agasallo para o “Amigo invisible”



Ademais de decorar os mandalas , os alumnos/as tamén elaboraron as súas propias postais de Nadal.

Dentro das cales escribiron unha pequena carta para un compañeiro da clase de xeito anónimo . Postal que aproveitamos para agasallar con motivo da realización do xogo do “Amigo invisible”.

Así empregamos esta actividade para traballar de xeito lúdico os elementos da carta e a expresión escrita. Potenciando unha aprendizaxe mais significativa e funcional, centrada nos seus centros de interese.



3. Máscaras de Entroido



Durante o Entroido os alumnos/as fixeron os seus propios antefaces. Como complemento a realización dunha actividade de comprensión lectora na cal empregamos un texto sobre a celebración do Entroido en diferentes países e rexións de España.

Taller de redacción e escritura: “A fábrica de contos”



Esta actividad consiste na **creación de historias en pequeno grupo**. Os membros de cada grupo teñen que seleccionar unha serie de tarxetas que logo lles servirán de guía para crear unha historia con sentido.

Tendo en conta a elaboración dunha **introdución, un nudo e un desenlace**. Así como a invención dun **título** para a mesma.



Cada membro do grupo ten que aportar ideas para que o escrito final teña sentido e integre todos os elementos seleccionados o principio.

Os alumnos antes de poñerse a redactar teñen que seleccionar entre diferentes tarxetas organizadas baixo un código de cor . Que lles axudarán a ir planificando en pequenos pasos a redacción.

¿Qué hai en cada tarxeta?:

- ❖ Tarxetas amarelas: principios de historias.
- ❖ Tarxetas vermellas: personaxes.
- ❖ Tarxetas laranxas: adxectivos.
- ❖ Tarxetas azuis: transportes.
- ❖ Tarxetas verdes: animais.
- ❖ Tarxetas rosas: finais de historias.



Taller de redacción e escritura: “A fábrica de contos”



Esta actividade ten como finalidade potenciar nos alumnos/as aspectos como:

- ❖ Coherencia na escrita
- ❖ Creatividade lingüística
- ❖ Expresión oral e escrita
- ❖ Planificación e estruturación textual
- ❖ Capacidade de redacción e inventiva
- ❖ Capacidade de traballo en grupo,
- ❖ Atención, concentración e memoria
- ❖ Axeitada presentación dos escritos e mellora da caligrafía. ..

Ortografía: A Baralla Ideográfica e o Listado Cacográfico

1. **A Baralla Ideográfica:** para corrixir os erros ortográficos, en certas ocasións facemos actividades coa baralla ideográfica, a cal consta dunha serie de tarxetas con palabras con dificultade ortográfica. As barallas ideográficas son útiles para favorecer o **recordo visual** de palabras nas que os alumnos /as habitualmente cometen erros ortográficos.

Nestas tarxetas a letra na que reside a dificultade ortográfica está resaltada co emprego dun debuxo relacionado co significado da palabra, facilitando deste xeito a súa **memorización e recordo**.



Ademais apoiándose no uso da baralla e do dicionario, os alumnos elaboran definicións persoais das palabras nas que cometen mais erros e mesmo crean as súas propias tarxetas ideográficas.

2. O Listado Cacográfico:

Esta técnica consiste na elaborar dun inventario dos erros cometidos polos alumnos/as.

Así cada alumno/a conta co seu propio Listado Cacográfico no que copia todo erro ortográfico que veña cometendo nos seus escritos, subliñando o error(non copiando a palabra mal escrita) e o lado, poñen a palabra correctamente.

Con este listado de palabras facemos actividades como:

- ❖ Memorización das palabras.
- ❖ Ditado de palabras e pequenos textos.
- ❖ Formación de frases coas palabra do listado de cada alumno.
- ❖ Clasificación , formación de familias léxicas.
- ❖ Completado de palabras as que lle falta a letra coa dificultade ortográfica
- ❖ Completado de textos Cloze, nos que teñen que escribir as palabras nas que normalmente cometen erros





Atención a Diversidade

Alumnado participante:

1º ESO A :

Torres Borrego Zaira
Cuadros Vidal Jeferson
Barrul Barrul Talía
Fernández Carrera Denis
Márquez Gómez Alejandro
Fernández Días Diana

2º ESO A:

Campos Lago Cristian
Gómez Teijeira Anaís
Martínez López Alejandra
Valentinov Dimov Huben

Ata aquí algunhas das actividades deste curso

